

MANIFESTO CORREMELIDE 2005

Queremos facer un canto.
Un canto a todos os atrecidos.
Un canto a todos os aldraxados.
Un canto a todos os tristes.
Un canto a todos os desprestixiados.

Basta xa de facérmonos as vítimas!
Non somos o que queren facernos ver.
Non somos carne de canón.
Non somos veleiros que zozobran.
Non somos correntes sen rumbo.

Hai unha semente que plantar,
un pasado que rescatar,
unha cultura para dignificar,
unhas riquezas que explotar,
unha lingua que falar.

Temos unha árbore que coidar.
Non a asoballes.
Non a tales.
Non a fagas murchar.
Non a esquezas.

Escribiremos as follas en branco.
Para amosar as nosas inxedanzas.
Para liberar os nosos pensamentos.
Para transmitir o noso legado.
Para ceibar os nosos ideais.

Despeharemos as portas do noso futuro.
Polas que entrarán aires novos.
Polas que chegarán nubes cargadas de esperanza.
Polas que marcharán as augas ennegrecidas.
Polas que virán bos tempos para Galiza.

Temos algo pendente.
Non ti, nin eu,
senón todos.

Rescátaa, loita, protéxea.
Non teñas medo.
Sé un rapaz que fala na súa lingua nai.
Sé un home que loita polo seu.
E sé un vello que nos deixe errar.



Rosa Mato Amboage.
Beatriz Rei Gosenge.